
CULTURA CLÁSICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

SISTEMA DE AVALIACIÓN

PORCENTAXE	INSTRUMENTO
· 80% da cualificación	· Probas escritas sobre aspectos traballados na aula
· 20% da cualificación	· Traballo diario de diverso formato (individual, grupo, investigación, repaso e/ou afondamento) recollido na ficha de seguimento de cada alumna/o
ASPECTOS RELEVANTES: · Os resultados das probas escritas e do traballo diario serán rexistrados polo profesorado e comunicados ao alumnado. · A ortografía será tida en conta como norma xeral, tanto no traballo diario como nos exames, podendo supoñer neste último caso ata 1 punto menos na cualificación (cada falta de ortografía restará 0,10 puntos). · Se un alumno/a introduce folios xa escritos ou é sorprendido copiando ou intentando copiar no exame (xa sexa do libro, apuntamentos, <i>chuletas</i> ou mediante o móbil, reloxo...), se lle retirará o exame, que será cualificado cun cero. · En ningún caso haberá probas extra para subir nota.	

MÍNIMOS ESIXIBLES

1. **Corrección na expresión oral e escrita**, tanto na forma (caligrafía, marxes, limpeza) como na ortografía, na gramática e no léxico.
2. **Exposición coherente e intelixible** das ideas e argumentos.
3. **Marco xeográfico** das civilizacións grega e romana
4. **Marco histórico** das civilización grega e romana: etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.
5. **Mitos grecolatinos**. Orixes e funcións. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas,

literarias e na publicidade.

6. **Fundamentos e etapas** da arte clásica
7. **Sociedade** en Grecia e Roma.
8. **Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica** de orixe grecolatina
9. Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e da Gallaecia